

**Cristina Fernández, Alcaldesa**

**Bolívar González, Responsábel Local**

Prezados/as compañeiros/as:

Tal e como xa comuniquéi persoalmente o pasado 27 de marzo á Alcaldesa, trasladovos por escrito a miña decisión de abandonar a política activa e non participar no vindeiro proceso electoral municipal.

Como lembraredes, tras 12 anos á fronte do BNG (1995-2007), en 2009 retireime da actividade política para centrarme na miña carreira profesional e outras actividades sociais e persoais. Dez anos despois desa decisión, en 2019, e nunhas circunstancias especiais nas que era preciso consolidar o goberno liderado polo BNG, o Alcalde Xosé Represas pedíume que o acompañase na súa candidatura para ser parte dun novo goberno do BNG. Atendendo á confianza que depositaba en min e á utilidade que a miña presenza na candidatura podía reportar ao nacionalismo en Ponteareas, para revertir o descenso electoral sufrido en 2011 e 2015, aceptei o convite conscente dos custos persoais que esa decisión me podían acarrear. O resultado electoral foi in mellorábel, recuperando os apoios perdidos nos procesos electorais anteriores, e o mandato que agora finaliza consolidou o proxecto do BNG en Ponteareas cun balance de realizacións e transformacións espectaculares das que me sinto orgulloso dende a miña modesta contribución co meu traballo como concelleiro a este proxecto colectivo. Así pois, aquela decisión que tomei foi politicamente acertada.

Pero como outra cara da moeda, estes catro anos foron especialmente difíceis no plano persoal e profesional como consecuencia desa actividade municipal. Compatibilizar a adicación ao Concello de Ponteareas coa miña actividade profesional como avogado supuxo un esforzo e sacrificio imposible de seguir mantendo no tempo. Neste sentido, a miña experiencia persoal pode servir para reflexionar seriamente sobre qué políticos queremos nas institucións. Se os autónomos e profesionais liberais, para adicarse por completo a un cargo público e non perder os seus ingresos previos, vense abocados a compatibilizalo coa súa profesión de forma precaria, sacrificando a maior parte do seu tempo persoal e condenando á súa actividade profesional a niveis económicos paupérrimos para cando decidan reincorporarse a ela, entón a política só estará ao alcance de funcionarios, asalariados con dereito a excedencia, xubilados e persoas sen oficio nin beneficio coñecido, con aspiración a converterse en políticos profesionais. Daquela, a democracia terá un problema e ademais grave.

E se ao anterior engadimos a brutal e feroz exposición pública que eu mesmo soportei e que hoxe en día comporta a actividade política, nunha sociedade na que, como dicía Umberto Eco, internet e as redes sociais “danlle a palabra a unha lexión de idiotas e promoven ao tonto do pobo ao nivel de portador da verdade”, precisaríase xa dunha vocación de heroe ou mártir da que, afortunadamente, eu carezo.

Ao contrario, teño a fortuna de contar con innumerabeis ocupacións e proxectos persoais, profesionais e sociais moi gratificantes que nestes catro anos se viron prexudicados ao non poder atendelos de forma adecuada. Así pois, a miña decisión é imprescindible para atender debidamente todas esas ocupacións, proxectos e compromisos sociais que realmente pagan a pena na compañía de persoas que comparten comigo un sincero afecto e consideración.

Ninguén nun proxecto político é imprescindible. As persoas pasamos e os proxectos perduran no tempo. Agradezo o ofrecemento que se me fixo de repetir na candidatura e continuar outros catro anos nun máis que seguro goberno do BNG, pero o meu compromiso activo foi asumido de maneira excepcional co querido e tristemente desaparecido Xosé Represas por un periodo de catro anos que agora expira e que non me resultou doado de concluir. Non en van, como lembraredes, en agosto do pasado ano presentei formalmente á Alcaldesa a miña dimisión diante dunha situación que me resultaba xa insostíbel e finalmente aceptei facer un derradeiro esforzo que agora conclúe de forma definitiva e con todas as consecuencias.

Así pois, retomo a miña vida anterior ao 2019, coa tranquilidade e o convencemento de que o gran traballo desenvolvido polo BNG, o novo rumbo que emprendeu Pontearreas e os seus ilusionantes proxectos de futuro terán un respaldo social inequívoco e maioritario nas vindeiras eleccións.

Ánimo e moita sorte.

Roberto Mera Covas